


BOLETIN OFICIAL



PARLAMENTO DE GALICIA

III LEXISLATURA
1990

Ano XI

N.º 380

12 de marzo de 1993

I. TEXTOS EN TRAMITACIÓN

E. COMPARECENCIAS

—Solicitud de comparecencia, a iniciativa, de seis deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia, dirixida ó Excmo. Sr. conselleiro de Sanidade, ante a Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego, para explica-lo proxecto de reforma da atención primaria e as melloras nese proxecto para a saúde en Galicia (n.º 10.385).

10.467

—Solicitud de comparecencia, a iniciativa de seis deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia, dirixida ó Excmo. Sr. conselleiro de Sanidade, ante a Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego, para explica-lo plan de prevención e control da SIDA de 1993 e o grao de cumprimento do plan de 1992 (n.º 10.386).

10.467

-Solicitud de comparecencia, a iniciativa de seis deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia, dirixida ó Excmo. Sr. conselleiro da Presidencia e Administración Pública, ante a Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego, para explica-las actuacións da súa Consellería referidas ó Plan galego de drogodependencias en concreto as referidas ás intervencións en centros de detención, centros penitenciarios e medidas alternativas á prisión (n.º 10.387).

10.467

-Solicitud de comparecencia, a iniciativa de seis deputdos do G.P. dos Socialistas de Galicia dirixida ó Excmo. Sr. conselleiro de Sanidade, ante a Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego, para explica-las liñas de actuación do PAD para o ano 1993 (n.º 10.388).

10.467

-Solicitud de comparecencia, a iniciativa de seis deputados do G. P. dos Socialistas de Galicia, dirixida ó Excmo. Sr. conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, ante a Comisión

2.ª, Ordenación Territorial, Obris Públicas. Medio Ambiente e Servicios, para que explique as decisións tomadas pola Xunta de Galicia en relación co conflito do transporte de mercancías orixinado na provincia de Lugo (n.º 10.4 10).

10.468

-Solicitud de comparecencia, a iniciativa dos GG.PP. do Bloque Nacinalista Galego e Mixto (PSG-EG) e Coalición Galega, dirixida ó Excmo. Sr. conselleiro de Pesca, Marisqueo e Acuicultura ante a Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo, co obxecto de trata-la crise da flota de cerco galega (topes, precios, paro biolóxico) (n.º 10.504).

10.468

-Solicitud de comparecencia, a iniciativa do G.P. dos Socialistas de 'Galicia, dirixida o do Excmo. Sr. conselleiro da Presidencia e Administración Pública ante a comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xusticia e Interior, para dar conta da tramitación, aprobación e desenvolvemento do denominado "Plan de desenvolvemento rural serra do Courel (n.º 10.904).

10.468

II. TEXTOS APROBADOS

I. RESOLUCIÓN E DECLARACIÓN

1. PROPOSICIÓN NON DE LEI

-Proposición non de lei, do G. P. Mixto, a iniciativa de D. Santos Oujo Bello, sobre a creación da "Fundación Valle-Inclán" e da Ruta-Inclán, de interese cultural e turístico (n.º 8.480).

10.469

-Proposición non de lei do G. P. Mixto, a iniciativa de D. Domingo Rafael Merino Mejuto, sobre as consecuencias sociais e económicas do desastre do "Aegean Sea" (n.º 10.051).

10.469

3. OUTRAS RESOLUCIÓN

-Propostas de resolución aprobadas no debate de Política xeral sobre o proceso evolutivo da Antonomía, actual situación e desenvolvemento futuro.

10.470

III. TEXTOS REXEITADOS

L. TEXTOS NORMATIVOS

-Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, de medidas de mellora da asistencia sanitaria (n.º 7.506.3).

10.477

-Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D.ª María Pilar García Negro, de modificación da vixente Lei de normalización lingüística (n.º 7.719).

10.477

LL. PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN

- Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. José Antonio Ventoso Mariño, sobre a modificación da Resolución da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura pola que se obriga ós alumnos que aproben cursos de 2.º grado de FP, rama marítimo-pesqueira, a un novo exame feito pola citada Consellería (n.º 8.976). 10.477
- Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. José Giráldez Maneiro, sobre a realización do estudio técnico e das obras correspondentes para arranxa-lo problema da traída de auga e o saneamento integral do novo barrio construído na praia da Lanzada-Noalla-Sanxenxo (n.º 9.011). 10.478
- Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. José Antonio Ventoso Mariño, sobre o aboamento das cantidades debidas á confraría de Ribeira (n.º 9.051). 10.478
- Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D.ª Rosa Miguélez Ramos e D. José Carlos Baños Márquez, sobre a modificación da normativa para o acceso ás vivendas sociais, tendo en conta o sector das familias monoparentais (n.º 9.114). 10.478
- Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D.ª María Antonia Álvarez Yáñez, sobre a adopción de medidas para a reparación do tramo da estrada comarcal 113, de Verín a Laza (n.º 9.559). 10.478
- Proposición non de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a realización da xestión pola Consellería de Cultura e Xuventude para a adquisición pública do castelo de Pambre, no concello de Palas de Rei, e restauración do mesmo (n.º 10.079). 10.478
- Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Pedro Borrajo Rivas e dous deputados máis, sobre o recoñecemento da oficialidade das ensinanzas impartidas nas filiais que conformaban o Conservatorio non Estatal Superior de Música de Vigo e a súa integración no actual Conservatorio Estatal (n.º 10.225). 10.479
- Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Francisco Rodríguez Fernández, sobre os criterios previstos pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para dotar de profesorado de linguas estranxeiras ós centros públicos onde se imparta o segundo ciclo de primaria (n.º 10.258). 10.479
- Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D.ª Margarita Rodríguez Otero, sobre a realización dun estudio actual das necesidades de vivenda para estudantes nos tres campus universitarios e adopción de medidas ó respecto (n.º 10.290). 10.479
- Moción, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a revisión da concesión outorgada á empresa PROALSA para a xestión da pousada de Portomarín (Lugo) (n.º 9.942). 10.479
- Moción, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o Plan xeral de seguridade para o Xacobeo 93 (n.º 9.956). 10.480

IV. TEXTOS RETIRADOS**N. PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN**

- Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. José Giráldez Maneiro, sobre a reparación da balastrada existente na estrada de Cesures a Vilagarcía, pola beiramar de Carril, chamada rúa Valentín Viqueira (n.º 7.137). 10.480
- Proposición non de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Francisco Trigo Durán, sobre a devolución do quantador de auga quente sanitaria e dos radiadores a tódolos compradores de Fontiñas (Santiago de Compostela) (n.º 9.615). 10.480
- Proposición non de lei do G. P. Mixto, a iniciativa de D. Domingo Rafael Merino Mejuto, sobre o saneamento integral da vila de Corme (Ponteceso) (n.º 10.031). 10.480

Ñ. OUTROS DOCUMENTOS

- Pregunta con resposta escrita de D.^a Margarita Rodríguez Otero e D. Manuel Ceferino Díaz e Díaz, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o coñecemento dunha nova ruta xacobeá na provincia de Lugo (n.º 8.6 17). 10.481
- Pregunta con resposta escrita de D. Ramón Félix Blanco Gómez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a recente viaxe do Excmo. Sr. conselleiro de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno acompañado por membros do “Instituto de Desarrollo Comunitario” a rexións do sur de Francia e os datos ó respecto (n.º 8.802). 10.481
- Pregunta con resposta escrita de D. José Antonio Ventoso Mariño, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da Consellería da Presidencia e Administración Pública para non autorizala urxente ocupación de terreos na estrada Pazo-Taragoña (n.º 8.928). 10.481
- Pregunta con resposta escrita de D. Miguel Cortizo Nieto, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o posible obstruccionismo producido nalgunhas corporacións locais polos rexedores das mesmas ó labor de fiscalización e control da oposición nos concellos e medidas adoptadas pola Consellería da Presidencia e Administración Pública (n.º 9.095). 10.481
- Pregunta con resposta escrita de D. Miguel Cortizo Nieto, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto da seguridade na teoría da Administración única (n.º 9.217). 10.481
- Pregunta con resposta escrita de D. José Giraldez Maneiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a realización polo Goberno galego de inspeccións ou investigacións relativas á contaminación do río Umia e resultados das mesmas (n.º 9.949). 10.481
- Pregunta con resposta escrita de D. José Carlos Baños Márquez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos relativos á licitación e execución das obras da estación depuradora e de tratamento de augas de Lalín (n.º 9.986). 10.481
- Pregunta con resposta escrita de D. José Giraldez Maneiro e D. José Antonio Ventoso Mariño, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura respecto da imposición de tallas para a pesca de diversas especies mariñas logo de consulta co sector e realización de estudos científicos (n.º 8.874). 10.481
- Pregunta con resposta escrita de D. José Antonio Ventoso Mariño e D. José Giraldez Maneiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as reivindicacións do colectivo de Inspección Pesqueira da Xunta de Galicia e medidas previstas pola Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura ó respecto (n.º 9.158). 10.481
- Pregunta con resposta escrita de D. José Antonio Ventoso Mariño e D. José Giraldez Maneiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas adoptadas pola Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, para erradicar das nosas augas a presenza de especies alleas que están a poñer en perigo o ecosistema mariño (n.º 9.159). 10.481
- Pregunta con resposta escrita de D. José Giraldez Maneiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o procedemento seguido pola Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura na dotación de persoal do Centro de Formación de Acuicultura da Illa de Arousa e previsións ó respecto (n.º 9.884). 10.481
- Pregunta con resposta escrita de D. José Giraldez Maneiro e D.^a Rosa Miguélez Ramos, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da petición do Excmo. Sr. presidente da Xunta de liberdade dos narcotraficantes encarcerados en Cuba antes de cumpri-la totalidade da pena imposta (n.º 7.787). 10.481
- Pregunta con resposta escrita de D. José Giraldez Maneiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos relativos ás bateas experimentais dedicadas ó cultivo e ó estudio da ostra (n.º 8.931). 10.481
- Pregunta con resposta escrita de D. José Giraldez Maneiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos relativos á adxudicación do “Estudio de documentación” (n.º 8.933). 10.481

I. TEXTOS EN TRAMITACIÓN**E. COMPARECENCIAS****PRESIDENCIA**

A Mesa do Parlamento en reunión celebrada o día 17 de febreiro de 1993, admitiu a trámite, e acordou o seu traslado á Mesa da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e EMPrego, as solicitudes de comparecencia de seis deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia que se relacionan a seguir:

—Comparecencia do Excmo. Sr. conselleiro de Sanidade para explica-lo proxecto de reforma da atención primaria e as melloras nese proxecto para a saúde en Galicia (doc. núm. 10.385).

—Comparecencia do Excmo. Sr. conselleiro de Sanidade para explica-lo plan de prevención e control da SIDA de 1993 e o grao de cumprimento do plan de 1992 (doc. núm. 10.386).

—Comparecencia do Excmo. Sr. conselleiro da Presidencia e Administración Pública para explica-las actuacións da súa Consellería referidas ó Plan galego de drogodependencias, en concreto as referidas ás intervencións en centros de detención, centros penitenciarios e medidas alternativas á prisión (doc. núm. 10.387).

—Comparecencia do Excmo. Sr. conselleiro de Sanidade para explica-las liñas de actuación do PAD para o ano 1993 (doc. núm. 10.388).

O que se publica para xeral coñecemento, de conformidade cos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 1993.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

Á Mesa do Parlamento

Os abaixo asinantes, deputados/as do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, e membros da Comisión 5ª, de Sanidade, Política Social e EMPrego, ó abeiro do disposto no artigo 143 do Regulamento da

Cámara, solicitan desa Mesa a comparecencia na citada Comisión do Excmo. Sr. conselleiro de Sanidade, Sr. Romay Beccaría, para que explique os proxectos de reforma da atención primaria e as melloras nese proxecto para a saúde en Galicia.

Parlamento de Galicia, 9 de febreiro de 1993.

Asdo.: **Ramón Félix Blanco Gómez**
Rosa Miguélez Ramos
Pedro Mariño Campos
María del Carmen Álvarez Fortes
Miguel Martínez Losada
Margarita Rodríguez Otero
Deputados/as

Á Mesa do Parlamento

Os abaixo asinantes, deputados/as do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, e membros da Comisión 5ª, de Sanidade, Política Social e EMPrego, ó abeiro do disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, solicitan desa Mesa a comparecencia na citada Comisión do Excmo. Sr. conselleiro de Sanidade, Sr. Romay Beccaría, para que explique o plan de prevención e control da SIDA de 1993 e o grao de cumprimento do plan de 1992.

Parlamento de Galicia, 4 de febreiro de 1993.

Asdo.: **Ramón Félix Blanco Gómez**
Rosa Miguélez Ramos
Pedro Mariño Campos
María del Carmen Álvarez Fortes
Miguel Martínez Losada
Margarita Rodríguez Otero
Deputados/as

Á Mesa do Parlamento

Os abaixo asinantes, deputados/as do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, e membros da Comisión 5ª, de Sanidade, Política Social e EMPrego, ó abeiro do disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, solicitan desa Mesa a comparecencia na citada Comisión do Excmo. Sr. conselleiro da Presidencia, para que explique as actuacións da súa Consellería referidas ó Plan galego de drogodependen-

cias, en concreto as referidas a intervencións en centros de detención, centros penitenciarios e medidas alternativas á prisión.

Parlamento de Galicia, 4 de febreiro de 1993.

Asdo.: **Ramón Félix Blanco Gómez**
Rosa Miguélez Ramos
Pedro Mariño Campos
María del Carmen Álvarez Fortes
Miguel Martínez Losada
Margarita Rodríguez Otero
 Deputados/as

Á Mesa do Parlamento

Os abaixo asinantes, deputados/as do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, e membros da Comisión 5ª, de Sanidade, Política Social e Emprego, ó abeiro do disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, solicitan desa Mesa a comparecencia na citada Comisión do Excmo. Sr. conselleiro de Sanidade, Sr. Romay Beccaría, para que explique as liñas de actuación do PAD para o ano 1993.

Parlamento de Galicia, 4 de febreiro de 1993.

Asdo.: **Ramón Félix Blanco Gómez**
Rosa Miguélez Ramos
Pedro Mariño Campos
María del Carmen Álvarez Fortes
Miguel Martínez Losada
Margarita Rodríguez Otero
 Deputados/as

PRESIDENCIA

A Mesa do Parlamento, en reunión celebrada o día 17 de febreiro de 1993, admitiu a trámite, e acordou o seu traslado á Mesa da Comisión parlamentaria correspondente, a seguinte comparecencia:

—De seis deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia, pola que se solicita a comparecencia do Excmo. Sr. conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, ante a Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios, para que explique as decisións tomadas pola Xunta de Galicia en relación co conflito do transporte de mercancías orixinado na provincia de Lugo (doc. núm. 10.410).

O que se publica para xeral coñecemento, de conformidade cos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 1993.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

Á Mesa do Parlamento

Os abaixo asinantes, deputados/a pertencentes ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, e membros da Comisión 2ª, de Ordenación do Territorio, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios, ó abeiro do disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, solicitan desa Mesa a comparecencia na citada Comisión do Excmo. Sr. conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, para que explique as decisións tomadas pola Xunta de Galicia en relación co conflito do transporte de mercancías orixinado na provincia de Lugo.

Parlamento de Galicia, 10 de febreiro de 1993.

Asdo.: **Antolín Sánchez Presedo**
Fernando Salgado García
José Carlos Baños Márquez
María Antona Álvarez Yáñez
Miguel Cortizo Nieto
Francisco Rodríguez Fernández
 Deputados/a

PRESIDENCIA

A Mesa do Parlamento, en reunión celebrada o día 3 de marzo de 1993, admitiu a trámite e acordou o traslado á Mesa da Comisión parlamentaria correspondente das seguintes comparecencias:

“—Dos GG.PP. do Bloque Nacionalista Galego e Mixto (PSG-EG) e Coalición Galega, solicitando a comparecencia do Excmo. Sr. conselleiro de Pesca, Marisqueo e Acuicultura ante a Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, co obxecto de trata-la crise da flota de cerco galega (topes, precios, paro biolóxico) (doc. núm. 10.504).

—Do G.P. dos Socialistas de Galicia, solicitando a comparecencia do Excmo. Sr. conselleiro da Presidencia e Administración Pública ante a Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xusticia e Interior, para dar conta da tramitación, aprobación e desenvolvemento do denominado “Plan de desenvolvemento rural serra do Courel” (doc. núm. 10.904).

O que se publica para xeral coñecemento, de conformidade cos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 1993.

Á Mesa do Parlamento

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Á Mesa do Parlamento

Os grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista galego (BNG) e Mixto (PSG-EG e CG), ó abeiro do Regulamento desta Cámara, solicitan a comparecencia na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, do Excmo. Sr. conselleiro de Pesca, co obxecto de trata-la crise da flota de cerco galega (topes, precios, paro biolóxico).

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 1993.

Asdo.: **Xosé M. Beiras Torrado**

Portavoz do G.P. do BNG

Camilo Nogueira Román

Portavoz do G.P. Mixto e deputado do PSG-EG

Cándido Sánchez Castiñeiras

Deputado de C.G. (G.P. Mixto)

Os abaixo asinantes, deputados e deputada pertencentes ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, e membros da Comisión 1ª, de Institucional, Administración Xeral, Xusticia e Interior, ó abeiro do disposto no artigo 143 e 98.1 do Regulamento da Cámara, solicitan desa Mesa a comparecencia con trámite de urxencia na citada Comisión do Excmo. Sr. conselleiro da Presidencia, para dar conta da tramitación, aprobación e desenvolvemento do denominado “Plan de desenvolvemento rural serra do Courel”.

Parlamento de Galicia, 25 de febreiro de 1993.

Asdo.: **Fernando González Laxe**

Antolín Sánchez Presedo

José Luis Rodríguez Pardo

Antonio Carro Fernández-Valmayor

M. Ceferino Díaz e Díaz

Margarita Rodríguez Otero

Deputados/a

II. TEXTOS APROBADOS

I. RESOLUCIÓNS E DECLARACIÓNS

1. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 9 de febreiro de 1993, no punto cuarto da orde do día, aprobou, por unanimidade, a Proposición non de lei, do G.P. Mixto, a iniciativa de D. Santos Oujo Bello, sobre a creación da “Fundación Valle-Inclán” e da “Ruta-Inclán”, de interese cultural e turístico (doc. núm. 8.480, publicado no BOPG núm. 291, do 26 de xuño de 1992, con modificacións respecto do texto orixinal e co contido literal seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.— Que propicie e participe na creación da “Fundación Valle-Inclán”, que será considerada como de interese galego, para prestárllle-la atención que merecen a figura e a obra de don Ramón María del Valle-Inclán.

2.— Crea-la “Ruta Valle-Inclán”, de interese cultural e turístico, promocionando, restaurando, recuperando e sinalizando axeitadamente —na medida

en que as disponibilidades presupostarias o permitan— aqueles edificios e lugares de Galicia nos que viviu don Ramón María del Valle-Inclán, así como aqueles outros nos que se desenrola parte significativa da súa obra ou que tiveron algunha influencia ou incidencia na mesma”.

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 1993.

O VICEPRESIDENTE 1º

José María García Leira

PRESIDENCIA

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, en sesión celebrada o día 17 de febreiro de 1993, no punto segundo da orde do día, aprobou a Proposición non de lei do G.P. Mixto, a iniciativa de D. Domingo Rafael Merino Mejuto, sobre as consecuencias sociais e

económicas do desastre do “Aegean Sea” (doc. nº 10.051, publicado no BOPG nº 358, do 23 de decembro de 1992), con modificacións respecto do texto orixinal e co contido literal seguinte;

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ó Goberno central en requirimento das seguintes accións:

1º.— Que declare zona catastrófica a área afectada polo accidente do petroleiro “Aegean Sea”.

2º.— Que se apliquen as medidas económicas e os medios técnicos necesarios para a minoración dos danos causados e a recuperación do medio afectado.

3º.— Que se arbitren as medidas sociais e económicas para os colectivos máis directamente afectados (pescadores de cerco e artes varias e mariscadores), e en concreto as seguintes:

- a) Exención de pagamento na Seguridade Social para os autónomos mariscadores, traballadores dos buques suxeitos ó grupo III e IIb que faneaban na zona afectada, así como daqueles traballadores que se atopasen cumprindo o servizo militar e se reincorporen ás empresas.
- b) Habilitar fondos para que o Instituto Social da Mariña - INEM se faga cargo do pagamento salarial dos traballadores antes mencionados

(grupo III IIb), coa correspondente cobertura de tódalas continxencias, sen que iso supoña unha perda de dereitos anteriormente adquiridos, sendo o único requisito esixido figurar dado de alta na embarcación afectada polo sinistro.

- c) Habilitar fondos para que tanto os mariscadores coma os traballadores por conta propia e as embarcacións, como empresas, poidan sobrevivir como tales durante o tempo no que a pesca resulte imposible na zona. Todo iso en concepto de adianto a conta das futuras indemnizacións que poidan corresponder polo sinistro do petroleiro “Aegean Sea”.

4º.— Que se revise o Real decreto-lei 2/93, do 15 de xaneiro, e a Orde do 20 de xaneiro do 93 do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, establecéndose que os créditos que se concedan teñan un interese 0 e un prazo de devolución de 3 anos, e cubran a totalidade das perdas.

5º.— Que se leve a cabo unha campaña de imaxe e promoción dos produtos mariños galegos afectados a nivel estatal e internacional”.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 1993.

O VICEPRESIDENTE 2º
Antonio Carro Fernández-Valmayor

3. OUTRAS RESOLUCIÓNS

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 25 de febreiro de 1993, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral coa comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expo-lo proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuros”, aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia, núm. de Rexistro 10.585, co contido literal seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que poña as condicións e cree os instrumentos xurídicos e económicos precisos para promover e facilita-la creación dun gran grupo industrial no eido da produción láctea, que reúna o maior número posible de cooperativas e industrias galegas que operen no citado sector”.

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 1993.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 25 de febreiro de 1993, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral coa comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expo-lo proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuros”, aprobou, por 43 votos a favor, 29 en contra e 2 abstencións, a proposta de resolución, a iniciativa do

G.P. Popular de Galicia, núm. de rexistro 10.586, co contido literal seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que solicite do Goberno do Estado a derogación inmediata da Orde do 24 de novembro de 1992, do Ministerio de Economía e Facenda, que impide que os estaleiros galegos poidan ofertar contratos de exportación en condicións OCDE semellantes ás da competencia, coma os do resto do Estado”.

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 1993.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 25 de febreiro de 1993, no punto único da orde do día, ‘Debate de política xeral coa comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñer o proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuros’, aprobou, por 71 votos a favor, 2 en contra e 1 abstención, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia, núm. de rexistro 10.587, co contido literal seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que, por unha parte, reforce os programas presupostarios destinados ó apoio financeiro ás PYMES e, por outra, aqueles destinados a favorecer o emprego a través da primeira contratación”.

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 1993.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 25 de febreiro de 1993, no punto único da orde do día, ‘Debate de política xeral coa comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñer o proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación

e a súa articulación e desenvolvemento futuros”, aprobou, por 42 votos a favor, 31 en contra e 1 abstención, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia, núm. de Rexistro 10.588, co contido literal seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que solicite do Goberno central a adecuación da política económica xeral e da ordenación e regulación do mercado de traballo á actual situación de crise e desemprego, para posibilita-la acción corresponsable das comunidades autónomas, solidarias co Estado e coa CEE, no obxectivo común de loita contra o paro.

Ó mesmo tempo require á Xunta de Galicia para que, como achega transformadora positiva do mercado de traballo, acentúe as súas accións de formación, para acadar os seguintes obxectivos:

1º.— Facilitar, en colaboracións coas estruturas educativas reguladas, a formación profesional necesaria que permita en todo momento o axuste entre a demanda e a oferta de traballo.

2º.— Mellora-la cualificación profesional e tecnolóxica dos traballadores galegos como factor de competitividade, capaz de atraer investimentos que favorezan a industrialización de Galicia.

3º.— Crear estruturas permanentes, no ámbito comarcal, que permitan, ó propio tempo de profesionaliza-la docencia, atender prioritariamente as necesidades de cada comarca.

4º.— Priorizar aquelas accións formativas con maiores posibilidades de emprego.

5º.— Solicitar do Goberno central coa maior urxencia a iniciación de conversas para a transferencia das escolas taller e casas de oficio, que permitan unha política conxunta de formación ocupacional”.

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 1993.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 25 de febreiro de 1993, no punto único da orde do día,

“Debate de política xeral coa comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expo-lo proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuros”, aprobou, por 47 votos a favor, ningún en contra e 27 abstencións, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia, núm. de Rexistro 10.589, co contido literal seguinte;

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que requira do Goberno do Estado a solicitude inmediata á Comisión correspondente das Comunidades Europeas de reapertura de ASTANO, S.A., para dedicarse á construción e transformación de buques mercantes, xa que vai pasado en case un ano o prazo establecido na 7ª Directriz da CEE de axudas á construción naval no seu artigo 7º para retornar ás referidas actividades, corrixindo así o Goberno central a situación de inxustificadas limitacións en que se mantén a devandita empresa”.

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 1993.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 25 de febreiro de 1993, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral coa comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expo-lo proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuros”, aprobou, por 47 votos a favor, ningún en contra e 27 abstencións, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia, núm. de rexistro 10.590, co contido literal seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que solicite do Goberno do Estado os seguintes puntos en relación cos estaleiros públicos de Bazán (Ferrol), ASTANO, S.A., e Hj. Barreras, S.A.:

1º.— Que se absteñan de propoñer medidas de regulación de emprego no estaleiro de Bazán (Ferrol), á vista da carga de traballo existente, e que provexan a necesaria acción comercial para incrementa-la carteira de pedidos.

2º.— A mesma petición para ASTANO, que ten prevista unha regulación de emprego para o verán de

case 1.500 persoas, e que fagan os máximos esforzos para acadar carga de traballo, ademais de solicitar da Comisión da CEE a volta á construción mercante.

3º.— O desenvolvemento dunha intensa acción comercial en HJ. Barreras, S.A., coa finalidade de acadar carga de traballo para este estaleiro, que dentro duns días entregará o derradeiro barco da súa carteira, quedando sen traballo en absoluto e, consecuentemente, no paro os 460 traballadores”.

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 1993.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 25 de febreiro de 1993, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral coa comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expo-lo proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuros”, aprobou, por 69 votos a favor, 2 en contra e 3 abstencións, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia, núm. de Rexistro 10.591, co contido literal seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta ó Goberno central para que anticipe os programas de infraestructuras e demais investimentos previstos para Galicia, como elemento de choque e co obxectivo de dinamiza-la actividade económica e diminuí-lo desemprego”.

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 1993.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 25 de febreiro de 1993, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral coa comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expo-lo proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación

e a súa articulación e desenvolvemento futuros”, aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia, núm. de Rexistro 10.592, co contido literal seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que demande do Goberno do Estado a inclusión dentro do “Plan director de infraestruturas para o ano 2000” a finalización da autovía do Cantábrico desde Galicia ata a súa conexión con Asturias, Cantabria e País Vasco”.

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 1993.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 25 de febreiro de 1993, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral coa comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expo-lo proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuros”, aprobou, por 73 votos a favor, ningún en contra e 1 abstención, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia, núm. de Rexistro 10.593, co contido literal seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que demande do Goberno central:

1º.— A aprobación dun plan de investimentos no ferrocarril galego que o faga competitivo con outros medios de transporte.

2º.— A implantación dunha rede de cercanías no eixe Ferrol-A Coruña - Santiago - Vilagarcía - Pontevedra - Vigo con ramais ás poboacións de Teixeira e Tui.

3º.— A dotación de material rodante máis axeitado ás características da rede ferroviaria galega.

4º.— A conexión de Galicia coa rede ferroviaria de alta velocidade europea, para así evita-la desvertebración da Comunidade Autónoma galega”.

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da

Cámara.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 1993.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 25 de febreiro de 1993, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral coa comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expo-lo proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuros”, aprobou, por 45 votos a favor, 29 en contra e ningunha abstención, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia, núm. de Rexistro 10.594, co contido literal seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que solicite do Goberno do Estado o cumprimento dos seus compromisos na realización das infraestruturas de distribución de enerxía eléctrica contempladas dentro do Plan especial de electrificación rural de Galicia co obxecto de equipar-la calidade do servizo á media estatal”.

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 1993.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 25 de febreiro de 1993, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral coa comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expo-lo proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuros”, aprobou, por 65 votos a favor, 7 en contra e ningunha abstención, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia, núm. de Rexistro 10.595, co contido literal seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que no prazo máximo de tres meses presente un plan autonómico da terceira idade no marco da proclamación pola Comunidade Europea do ano 1993 como “Ano europeo das persoas de idade avanzada e da solidarie-

dade entre as xeracións", segundo a Decisión do Consello Europeo do 24 de xuño de 1992 (Diario DOCEL 245/43, do 26 de agosto de 1992) e co obxectivo de sensibiliza-la sociedade respecto da situación da terceira idade coas exixencias derivadas da evolución demográfica".

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 1993.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 25 de febreiro de 1993, no punto único da orde do día, "Debate de política xeral coa comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expo-lo proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuros", aprobou, por 69 votos a favor, 2 en contra e 3 abstencións, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia, núm. de Rexistro 10.596, co contido literal seguinte:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a espalla-las accións de formación da comunidade científica e lingüística de Galicia favorecendo as relacións con centros de investigación de fóra da Comunidade Autónoma e prestándolles especial atención ás áreas que sexan de interese para o desenvolvemento de Galicia".

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 1993.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 25 de febreiro de 1993, no punto único da orde do día, "Debate de política xeral coa comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expo-lo proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuros", aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución, a

iniciativa do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, núm. de Rexistro 10.597, co contido literal seguinte:

"O Parlamento de Galicia reclama do Goberno central que se proceda do xeito necesario para lle dar rigoroso e exacto cumprimento na práctica política ó establecido polo artigo 30 do Estatuto de Galicia, que fixa as materias de competencia exclusiva desta Comunidade Autónoma e que preceptúa que "a Comunidade Autónoma galega participará, tamén, na xestión do sector público económico estatal, nos casos e actividades que proceda", en relación coa norma contida no artigo 131.2 da Constitución española, que ordena que "o Goberno (central) elaborará os proxectos de planificación de acordo coas previsións que lle sexan subministradas polas comunidades autónomas".

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 1993.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 25 de febreiro de 1993, no punto único da orde do día, "Debate de política xeral coa comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expo-lo proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuros", aprobou, por 43 votos a favor, 29 en contra e ningunha abstención, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia, núm. de Rexistro 10.621, co contido literal seguinte:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que solicite do Goberno central que instrumente os mecanismos precisos que permitan a presenza da Comunidade Autónoma nos consellos de administración das empresas públicas en tanto non se desenrole a lei marco prevista no Estatuto de autonomía".

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 1993.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 25 de febreiro de 1993, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral coa comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expo-lo proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuros”, aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Mixto (Coalición Galega), núm. de Rexistro 10.832, co contido literal seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a promocionar e potenciar axeitadamente o Parque Tecnolóxico de Galicia (PTG) situado en Ourense, mediante medidas incentivadoras e de formación que faciliten a captación e instalación de empresas no mesmo”.

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 1993.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 25 de febreiro de 1993, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral coa comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expo-lo proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuros”, aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Mixto (Coalición Galega), núm. de Rexistro 10.845, co contido literal seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia á presentación no Parlamento de Galicia dun plan especial de conservación e protección de especies en perigo de extinción”.

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 1993.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 25 de febreiro de 1993, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral coa comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expo-lo proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuros”, aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Mixto (Coalición Galega), núm. de Rexistro 10.851, co contido literal seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia á elaboración e posta en marcha dun plan especial de desenvolvemento e potenciación do sector conserveiro de Galicia”.

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 1993.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 25 de febreiro de 1993, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral coa comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expo-lo proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuros”, aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Mixto (PSG-EG), núm. de Rexistro 10.861, co contido literal seguinte:

“O Parlamento de Galicia reitera a súa posición favorable á reapertura de Astano para a construción de buques e grandes transformacións, tal e como posibilita a última directriz comunitaria, e a que se realicen os investimentos e incrementos de capital que garantan o mantemento pleno da súa capacidade estrutural e técnica, tanto para actividades “off-shore” coma para as de construción e transformación de buques e faciliten a súa rendibilidade, e insta á Xunta de Galicia a reclamar do Goberno central o cumprimento destes obxectivos”.

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 1993.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 25 de febreiro de 1993, no punto único da orde do día, "Debate de política xeral coa comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expo-lo proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuros", aprobou, por 47 votos a favor, 27 en contra e ningunha abstención, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Mixto (PSG-EG), núm. de Rexistro 10.862, co contido literal seguinte:

"O Parlamento de Galicia reclama, instando á Xunta de Galicia a realizar igual reivindicación ante as institucións do Estado e da CE, a integración de Galicia na rede ferroviaria peninsular e europea de alta velocidade, esixindo a modificación neste sentido do Plan director de investimentos 1993-2007 do MOPT e das previsións realizadas pola Comisión da Comunidade Europea.

Reclama, igualmente, a modernización interna da rede galega, comunicando entre elas tódalas cidades galegas e o trazado dunha vía rápida A Coruña-Porto".

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 1993.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 25 de febreiro de 1993, no punto único da orde do día, "Debate de política xeral coa comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expo-lo proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuros", aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Mixto (PSG-EG), núm. de Rexistro 10.878, co contido literal seguinte:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a realiza-las xestións necesarias co Goberno do Estado para o traspaso das funcións e dos medios persoais, materiais e financeiros en materia de servizos sanitarios dependentes do Instituto Social da Mariña (ISM)".

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro

dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 1993.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 25 de febreiro de 1993, no punto único da orde do día, "Debate de política xeral coa comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expo-lo proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuros", aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Mixto (PSG-EG), núm. de Rexistro 10.879, con modificacións respecto do texto orixinal e co contido literal seguinte:

"O Parlamento de Galicia manifesta a súa absoluta condena das violacións de mulleres en Bosnia, reclamando que a comunidade internacional interveña para acabar coa cruel guerra na antiga Iugoslavia".

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 1993.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 25 de febreiro de 1993, no punto único da orde do día, "Debate de política xeral coa comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expo-lo proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuros", aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, núm. de Rexistro 10.880, con modificacións respecto do texto orixinal e co contido literal seguinte:

"O Parlamento de Galicia, á vista da grave crise que afecta ó sector conserveiro das costas de Galicia, debido primordialmente á competencia comercial exercida por terceiros países, insta á Xunta de Galicia a elaborar un plan especial de desenvolvemento do sector da conserva para evita-lo peche das factorías e a perda dos postos de traballo existentes nas mesmas,

establecendo, se é o caso, medidas urxentes de potenciación así como liñas de crédito asumibles pola actual situación de crise que vive o devandito sector conserveiro”.

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da

Cámara.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 1993.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

III. TEXTOS REXEITADOS

L. TEXTOS NORMATIVOS

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 9 de febreiro de 1993, no punto primeiro da orde do día, rexeitou, por 32 votos a favor, 37 e contra e ningunha abstención, a toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, de medidas de mellora da asistencia sanitaria (doc. núm. 7.506.3, publicado no BOPG núm. 255, do 4 de abril de 1992).

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 1993.

O VICEPRESIDENTE 1º
José María García Leira

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 9 de febreiro de 1993, no punto primeiro da orde do día, rexeitou, por 6 votos a favor, 65 e contra e 2 abstencións, a toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de Dª. María Pilar García Negro, de modificación da vixente Lei de normalización lingüística (doc. núm. 7.719, publicado no BOPG núm. 260, do 11 de abril de 1992).

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 1993.

O VICEPRESIDENTE 1º
José María García Leira

LL. PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN

PRESIDENCIA

A Comisión 8ª., Pesca e Marisqueo, en sesión celebrada o día 17 de febreiro de 1993, no punto segundo da orde do día, rexeitou a Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. José Antonio Ventoso Mariño, sobre a modificación da Resolución da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura pola que se obriga ós alumnos que aproben cursos de 2º grao de FP, rama marítimo-pesqueira, a un novo examen feito pola citada Consellería (doc. nº. 8.976, publicado no BOPG nº. 324, do 15 de outubro de 1992), coa votación

seguinte:

* votos a favor.....	7
* votos en contra.....	8
* abstencións.....	0

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 1993.

O VICEPRESIDENTE 2º
Antonio Carro Fernández-Valmayor

PRESIDENCIA

A Comisión 2ª., Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios, en sesión celebrada o día 12 de febreiro de 1993, no punto único da orde do día, rexeitou a Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. José Giráldez Maneiro, sobre a realización do estudio técnico e das obras correspondentes para arranza-lo problema da traída de auga e o saneamento integral do novo barrio construído na praia da Lanzada-Noalla-Sanxenxo (doc. nº. 9.011, publicado no BOPG nº. 324, do 15 de outubro de 1992), coa votación seguinte:

* votos a favor	6
* votos en contra	9
* abstencións	0

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 1993.

O VICEPRESIDENTE 2º
Antonio Carro Fernández-Valmayor

PRESIDENCIA

A Comisión 8ª., Pesca e Marisqueo, en sesión celebrada o día 17 de febreiro de 1993, no punto segundo da orde do día, rexeitou a Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. José Antonio Ventoso Mariño, sobre o aboamento das cantidades debidas á confraría de Ribeira (doc. nº. 9.051, publicado no BOPG nº. 324, do 15 de outubro de 1992), coa votación seguinte:

* votos a favor	7
* votos en contra	7
* abstencións	0

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 1993.

O VICEPRESIDENTE 2º
Antonio Carro Fernández-Valmayor

PRESIDENCIA

A Comisión 2ª., Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios, en sesión celebrada o día 12 de febreiro de 1993, no punto único da orde do día, rexeitou a Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de Dª.

Rosa Miguélez Ramos e D. José Carlos Baños Márquez, sobre a modificación da normativa para o acceso ás vivendas sociais, tendo en conta o sector das familias monoparentais (doc. nº. 9.114, publicado no BOPG nº. 331, do 28 de outubro de 1992), coa votación seguinte:

* votos a favor	4
* votos en contra	9
* abstencións	0

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 1993.

O VICEPRESIDENTE 2º
Antonio Carro Fernández-Valmayor

PRESIDENCIA

A Comisión 2ª., Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios, en sesión celebrada o día 12 de febreiro de 1993, no punto único da orde do día, rexeitou a Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de Dª. María Antonia Álvarez Yáñez, sobre a adopción de medidas para a reparación do tramo da estrada comarcal 113, de Verín a Laza (doc. nº. 9.559, publicado no BOPG nº. 347, do 25 de novembro de 1992), coa votación seguinte:

* votos a favor	5
* votos en contra	9
* abstencións	0

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 1993.

O VICEPRESIDENTE 2º
Antonio Carro Fernández-Valmayor

PRESIDENCIA

A Comisión 4ª., Educación e Cultura, en sesión celebrada o día 26 de febreiro de 1993, no punto segundo da orde do día, rexeitou a Proposición non de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a realización de xestións pola Consellería de Cultura e Xuventude para a adquisición pública do castelo de Pambre, no concello de Palas de Rei, e restauración do mesmo (doc. nº. 10.079), publicado no BOPG nº. 361, do 14 de xaneiro de 1993), coa votación seguinte:

* votos da favor	8
* votos en contra	9
* abstencións	0

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 1993.

O VICEPRESIDENTE 2º

Antonio Carro Fernández-Valmayor

PRESIDENCIA

A Comisión 4ª., Educación e Cultura, en sesión celebrada o día 26 de febreiro de 1993, no punto segundo da orde do día, rexeitou a Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Pedro Borrajo Rivas e dous deputados máis, sobre o recoñecemento da oficialidade das ensinanzas impartidas nas filiais que conformaban o Conservatorio non Estatal Superior de Música de Vigo e a súa integración no actual Conservatorio Estatal (doc. nº. 10.225, publicado no BOPG nº. 366, do 4 de febreiro de 1993), coa votación seguinte:

* votos a favor	5
* votos en contra	9
* abstencións	0

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 1993.

O VICEPRESIDENTE 2º

Antonio Carro Fernández-Valmayor

PRESIDENCIA

A Comisión 4ª., Educación e Cultura, en sesión celebrada o día 26 de febreiro de 1993, no punto segundo da orde do día, rexeitou a Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Francisco Rodríguez Fernández, sobre os criterios previstos pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para dotar de profesorado de linguas estranxeiras ós centros públicos onde se imparta o segundo ciclo de primaria (doc. nº. 10.258, publicado no BOPG nº. 368, do 10 de febreiro de 1993), coa votación seguinte:

* votos a favor	5
* votos en contra	8
* abstencións	0

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 1993.

O VICEPRESIDENTE 2º

Antonio Carro Fernández-Valmayor

PRESIDENCIA

A Comisión 4ª., Educación e Cultura, en sesión celebrada o día 26 de febreiro de 1993, no punto segundo da orde do día, rexeitou a Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de Dª. Margarita Rodríguez Otero, sobre a realización dun estudio actual das necesidades de vivenda para estudantes nos tres campus universitarios e adopción de medidas ó respecto (doc. nº. 10.290, publicado no BOPG nº. 369, do 11 de febreiro de 1993), coa votación seguinte:

* votos a favor	6
* votos en contra	7
* abstencións	0

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 1993.

O VICEPRESIDENTE 2º

Antonio Carro Fernández-Valmayor

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 9 de febreiro de 1993, no punto quinto da orde do día, rexeitou, por 31 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención, a Moción, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a revisión da concesión outorgada á empresa PROALSA para a xestión da pousada de Portomarín (Lugo) (doc. núm. 9.942, publicado no BOPG núm. 350, do 4 de decembro de 1992, formulada como consecuencia da Interpelación núm. 8.978, sobre o mesmo tema, publicada no BOPG núm. 324, do 15 de outubro de 1992, e debatida no Pleno do día 24 de novembro de 1992).

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 1993.

O VICEPRESIDENTE 1º

José María García Leira

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 9 de febreiro de 1993, no punto quinto da orde do día, rexeitou, por 31 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención, a Moción, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o Plan xeral de seguridade para o Xacobeo 93 (doc. núm. 9.956, publicado no BOPG núm. 350, do 4 de decembro de 1992, formulada como consecuencia da Interpelación núm. 9.166, sobre o mesmo tema, publicada no BOPG núm. 331,

do 29 de outubro de 1992, e debatida no Pleno do día 24 de novembro de 1992.

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 1993.

O VICEPRESIDENTE 1º
José María García Leira

IV. TEXTOS RETIRADOS**N. PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN****PRESIDENCIA**

Na sesión celebrada pola Comisión 2ª., Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, o día 12 de febreiro de 1993, o Sr. Giráldez Maneiro, D. José, do G.P. dos Socialistas de Galicia, procedeu á retirada da Proposición non de lei sobre a reparación da balastrada existente na estrada de Cesures a Vilagarcía, pola beiramar de Carril, chamada rúa Valentín Viqueira (nº. 7.137, publicada no BOPG nº. 241, do 20 de febreiro de 1992).

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 1993.

O VICEPRESIDENTE 2º
Antonio Carro Fernández-Valmayor

PRESIDENCIA

Na sesión celebrada pola Comisión 2ª., Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, o día 12 de febreiro de 1993, no punto único da orde do día, decaeu a Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Francisco Trigo Durán, sobre a devolución do contador de auga quente sanitaria e dos radiadores a tódolos compradores de Fontiñas (Santiago de Com-

postela) (nº. 9.615, publicada no BOPG nº. 347, do 25 de novembro de 1992).

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 1993.

O VICEPRESIDENTE 2º.
Antonio Carro Fernández-Valmayor

PRESIDENCIA

Na sesión celebrada pola Comisión 2ª., Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, o día 12 de febreiro de 1993, no punto único da orde do día, decaeu a Proposición non de lei do G.P. Mixto, a iniciativa de D. Domingo Rafael Merino Mejuto, sobre o saneamento integral da vila de Corne (Ponteceso) (nº. 10.031, publicada no BOPG nº. 358, do 23 de decembro de 1992).

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 1993.

O VICEPRESIDENTE 2º
Antonio Carro Fernández-Valmayor

Ñ. OUTROS DOCUMENTOS

PRESIDENCIA

A Mesa do Parlamento, en reunión celebrada o día 17 de febreiro de 1993, tivo coñecemento do escrito do G.P. dos Socialistas de Galicia polo que retiraba as seguintes preguntas con resposta escrita (a maioría anteriormente orais en Comisión, reconvertidas automaticamente en escritas por remate do período de sesións):

—Doc. núm. 8.617, de D^a. Margarita Rodríguez Otero e D. Manuel Ceferino Díaz e Díaz, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o coñecemento dunha nova ruta xacobeá na provincia de Lugo, BOPG núm. 302- 22/7/92, reconversión no BOPG núm. 361- 14/1/93.

—Doc. núm. 8.802, de D. Ramón Félix Blanco Gómez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a recente viaxe do Excmo. Sr. conselleiro de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno acompañado por membros do “Instituto de Desarrollo Comunitario” a rexións do sur de Francia e os datos ó respecto, BOPG núm. 310- 12/9/92, reconversión no BOPG núm. 361- 14/1/93.

—Doc. núm. 8.928, de D. José Antonio Ventoso Mariño, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da Consellería da Presidencia e Administración Pública para non autoriza-la urxente ocupación de terreos na estrada Pazo-Taragoña, BOPG núm. 314- 24/9/92, reconversión no BOPG núm. 361- 14/1/93.

—Doc. 9.095, de D. Miguel Cortizo Nieto, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o posible obstruccionismo producido nalgúñas corporacións locais polos rexedores das mesmas ó labor de fiscalización e control da oposición nos concellos e medidas adoptadas pola Consellería da Presidencia e Administración Pública, BOPG núm. 331- 28/10/92, reconversión no BOPG núm. 361, 14/1/93.

—Doc. núm. 9.217, de D. Miguel Cortizo Nieto, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto da seguridade na teoría da Administración única, BOPG núm. 336- 5/11/92, reconversión no BOPG núm. 361 14/1/93.

—Doc. núm. 9.949, de D. José Giráldez Maneiro, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a realización polo Goberno galego de inspeccións ou investigacións relativas á contaminación do río Umia e resultados das mesmas, BOPG núm. 350- 4/12/92, reconversión no BOPG núm. 361-14/1/93.

—Doc. núm. 9.986, de D. José Carlos Baños Márquez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos relativos á licitación e execución das obras da estación depuradora e de tratamento de augas de Lalín, BOPG núm. 350- 4/12/92, reconversión no BOPG núm. 361- 14/1/93.

—Doc. núm. 8.874, de D. José Giráldez Maneiro e D. José Antonio Ventoso Mariño, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura respecto da imposición de tallas para a pesca de diversas especies mariñas logo de consulta co sector e realización de estudos científicos, BOPG núm. 314- 24/9/92, reconversión no BOPG núm. 361- 14/1/93.

—Doc. núm. 9.158, de D. José Antonio Ventoso Mariño e D. José Giráldez Maneiro, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as reivindicacións do colectivo de Inspección Pesqueira da Xunta de Galicia e medidas previstas pola Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura ó respecto, BOPG núm. 331- 28/10/92, reconversión no BOPG 361- 14/1/93.

—Doc. núm. 9.159, de D. José Antonio Ventoso Mariño e D. José Giráldez Maneiro, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas adoptadas pola Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, para erradicar das nosas augas a presenza de especies alleas que están a poñer en perigo o ecosistema mariño, BOPG núm. 331- 28/10/92, reconversión no BOPG núm. 361- 14/1/93.

—Doc. núm. 9.884, do D. José Giráldez Maneiro, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o procedemento seguido pola Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura na dotación de persoal do Centro de Formación de Acuicultura da Illa de Arousa e previsións ó respecto, BOPG núm. 350- 4/12/92, reconversión no BOPG núm. 361- 14/1/93.

—Doc. núm. 7.787, de D. José Giráldez Maneiro e D^a. Rosa Miguélez Ramos, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da petición do Excmo. Sr. presidente da Xunta de liberdade dos narcotraficantes encarcerados en Cuba antes de cumpri-la totalidade da pena imposta, BOPG núm. 260- 11/4/92, reconversión no BOPG núm. 299- 9/7/92.

—Doc. núm. 8.931, de D. José Giráldez Maneiro, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos relativos ás bateas experimentais dedicadas ó cultivo e ó estudio da ostra, BOPG núm. 314- 24/9/92.

—Doc. núm. 8.932, de D. José Giráldez Maneiro,

do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos relativos á adxudicación do “Estudio de documentación”, BOPG núm. 314- 24/9/92.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 1993.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez